



IES PUNTA CANDIEIRA

PROGRAMACIÓN ÁMBITO COMUNICACIÓN

(EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA PERSOAS

ADULTAS): LINGUAS GALEGA, CASTELÁ E INGLESA

CURSO 2023-2024

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

2. OBXECTIVOS DO CURSO

3. MÓDULO 3 (LINGUA GALEGA E CASTELÁ)

3.1 CONTIDOS. RELACIÓN COS OBXECTIVOS DO CURSO

3.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. RELACIÓN COAS
COMPETENCIAS CLAVE. GRAO DE CONSECUCIÓN

3.3 CONTIDOS MÍNIMOS

3.4 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

4. MÓDULO 4 (LINGUA GALEGA E CASTELÁ)

4.1 CONTIDOS. RELACIÓN COS OBXECTIVOS DO CURSO

4.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. RELACIÓN COAS
COMPETENCIAS CLAVE. GRAO DE CONSECUCIÓN

4.3 CONTIDOS MÍNIMOS

4.4 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

5. MÓDULO 3 (PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA)

5.1 CONTIDOS. RELACIÓN COS OBXECTIVOS DO CURSO

5.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. RELACIÓN COAS
COMPETENCIAS CLAVE. GRAO DE CONSECUCIÓN

5.3 CONTIDOS MÍNIMOS

5.4 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

6. MÓDULO 4 (PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA)

6.1. CONTIDOS. RELACIÓN COS OBXECTIVOS DO CURSO

6.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. RELACIÓN COAS
COMPETENCIAS CLAVES. GRAO DE CONSECUCIÓN.

6.3 CONTIDOS MÍNIMOS

6.4 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A ensinanza das linguas e da literatura constitúen elementos fundamentais para o desenvolvemento do alumnado e das súas capacidades, ademais de contribuir a que formen a súa visión do mundo dunha maneira sólida e integral.

A nosa labor como profesorado é mellorar a súa competencia lingüística e comunicativa a partir das capacidades básicas orais e escritas (lectura, comprensión oral, expresión oral, expresión escrita).

As necesidades da sociedade no século XX esixen que o alumnado posúa coñecementos relacionados cunha lingua estranxeira, preparándoo para vivir nun mundo máis internacional, multicultural e multilingüe, ademais de tecnoloxicamente avanzado. Pola súa parte, o Consello de Europa no Marco de Referencia Común Europeo para a aprendizaxe de linguas estranxeiras establece a necesidade de integrar tódalas linguas estudadas. Seguindo estas recomendacións, os contidos da lingua estranxeira deben axustarse para que o alumnado acade un nivel básico na capacidade de comunicarse en situacións cotiás, con expresións de uso moi frecuente e empregando vocabulario e gramática elementais.

Como conclusión, cabe salienta a contribución deste ámbito á consecución das competencias clave distintas ás competencias da comunicación lingüística, dado que o desenvolvemento lectivo favorece, de maneira integrada noutros ámbitos, a resolución eficaz de problemas complexos.

2. OBXECTIVOS DO CURSO

- a) Comprender e interpretar o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
- b) escoitar con interese e respecto as intervencións orais e valorar as producións orais con fonética correcta.
- c) Participar en situacións do ámbito académico, manifestando a súa opinión e mostrando respecto cara ás dos demais.
- d) Aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais e informais e de forma individual ou grupal.
- e) Producir discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados. . Realizar exposicións orais coa axuda das TIC.
- f) Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
- g) Ler en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego e rexeitando prexuizos.
- h) Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter e manexar información e para producir creacións propias.
- i) Producir en calquera formato, textos de varios ámbitos con coherencia, cohesión, adecuación e corrección.
- l) Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso.
- m) Utilizar dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes.
- n) Coñecer e utilizar as categorías gramaticais para mellorar e enriquecer as producións lingüísticas.
- o) Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.

- p) Identificar os mecanismos de cohesión textual.
- q) Recoñecer a estrutura dun texto e elaborar textos de acordo con eses parámetros.
- r) Coñecer e aplicar as regras ortográficas.
- s) Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas, evitando estereotipos lingüísticos e culturais.
- t) Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e sinal de identidade dun pobo.
- u) Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia.
- v) Ler de maneira comprensiva textos de diferentes xéneros.
- x) Diferenciar os textos literarios e os non literarios e, nestes últimos, identificar os tres grandes xéneros.

3. MÓDULO 3

3.1. CONTIDOS. RELACIÓN COS OBXECTIVOS DO CURSO

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar.

B1.1 Comprensión e interpretación de textos orais (obxectivos d, e, h)

B1.5 Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de cooperación e respecto ante as intervencións orais (obxectivos a,c, d, h).

B1.6 Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ella (obxectivos h,o).

B1.7 Participación activa en situacións do ámbito académico que xeren intercambio de opinión (obxectivos a, c, d, h).

B1.8 Aplicación de estratexias para falar en público, en situación formais e informais, de forma individual ou en grupo (obxectivos a, b, c, g, h, o).

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.

B2.1 Uso de técnicas de análise de contido e estratexia que faciliten a lectura comprensiva e crítica de textos (obxectivos b, f, h).

B2.2 Comprensión e interpretación de textos escritos de diferentes ámbitos (obxectivos d,e, h).

B2.6 Uso, case autónomo, os recursos das biblioteca e outros, relacionados coas TIC para obter, organizar e seleccionar información (obxectivos b, h).

B2.7 Actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto para detectar prexuízos e discriminacións (obxectivos a, c, d, h).

B2.8 Lectura fluída en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego (obxectivos h,ñ)

B2.9 Producción, en formato papel ou dixital, textos de diferentes ámbitos (obxectivos b, e, h)

B2.12 Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas (obxectivo f)

B2.13 Utilización das TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir erros (obxectivos b, e, h)

Bloque 3. Funcionamento da lingua

B3.1 Recoñecemento e uso de léxico preciso e fraseoloxía (obxectivos b, e, l)

B3.2 Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais (obxectivos b, e, l)

B3.8 Recoñecemento das funcións sintácticas e das unidades que as desempeñan (obxectivos b, e)

B3.10 Identificación da estrutura dun texto. Elaboración de textos. (obxectivo b)

B3.12 Participación en proxectos nos que se utilicen varias linguas relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

Bloque 4. Lingua e sociedade

B4.1 Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e describir o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI (obxectivos ñ, o).

B4.8. Prexuízos lingüísticos (obxectivos ñ, o).

Bloque 5. Educación literaria

B5.1 Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da Literatura Galega e castelá dende a Idade Media ata 1916. (obxectivos h, l)

B5.2. Selección, lectura e comentarios de textos representativos da literatura galega e castelá dende a Idade Media ata 1916. (obxectivos h, l)

B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 (obxectivos h, l)

B5.6 Creación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula para desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión (obxectivos h, l, n)

3.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE. GRAO DE LOGRO

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar.

Criterios de avaliación

1. Comprender e interpretar a intención comunicativa implícita e explícita, a idea principal e as secundarias en textos orais.

Estándares de aprendizaxe

Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa e a estrutura de textos orais (Competencia clave CCL).

Criterios de avaliación

2. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas das actividades académicas, espontáneas e planificadas.

Estándares de aprendizaxe

Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (Competencias clave CCL, CAA, CSC).

Recoñece a importancia da prosodia e dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal (Competencias clave CCL, CSC, CSIEE).

Criterios de avaliación

3. Valorar as producións emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

Estándares de aprendizaxe

Aprecia a emisión dunha pronuncia galega correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea a partir da autoavaliación e propón solución de mellora (Competencias clave CCL, CAA).

Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos asociables á pronuncia da lingua galega (Competencias clave CCL, CCEC).

Criterios de avaliación

4. Participar activamente en situacións do ámbito académico que xeren intercambio de opinión.

Estándares de aprendizaxe

Participa activamente en debates ou coloquios, respecta as regras de interacción, intervención e cortesía, manifesta as súas opinións e respecta as demais (Competencias clave CCL, CSC).

Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións do moderador nos debates e coloquios (Competencias clave CCL, CSC).

Avalía as intervencións propias e alleas (Competencia clave CAA).

Respecta as quendas, o espazo, xesticula de xeito adecuado, escoita activamente e usa fórmulas de saúdo e despedida (Competencia clave CSC).

Criterios de avaliación

5. Aplicar estratexias para falar en público, en situación formais e informais, de forma individual ou en grupo.

Estándares de aprendizaxe

Elabora guións para organizar os contidos de exposicións breves (Competencia clave CAA).

Participa con fluidez nas intervencións orais respectando as regras morfosintácticas e a fonética galega (Competencia clave CCL).

Emprega nas intervencións orais expresións propias do galego: fraseoloxía e infinitivo conxugado (Competencia clave CCL).

Usa os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (presentación, xestos, mirada...), manifesta autocontrol das emocións e fala con confianza e seguridade (Competencias clave CCL, CSC, CSIEE).

Emprega nas súas intervencións orais un léxico rico e variado (Competencia clave CCL).

Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral (Competencias clave CAA, CCL).

Recoñece erros nos discursos orais propios e alleos e tenta progresivamente de evitalos (Competencias clave CAA, CCL).

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.

Criterios de avaliación

1. Aplicar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.

Estándares de aprendizaxe

Usa técnicas de síntese de contido dos textos: subliñados, esquemas, resumos (Competencias clave CCL, CAA).

Usa técnicas de ampliación e organización de información: táboas, cadros, gráficos ou mapas de conceptos (Competencias clave CCL, CAA).

Incorpora palabras do rexistro formal ao seu vocabulario (Competencias clave CCL, CAA).

Relaciona a información explícita e implícita do escrito en función do contexto (Competencias clave CCL, CAA).

Criterios de avaliación

2. Comprender e interpretar textos escritos de diferentes ámbitos.

Estándares de aprendizaxe

Comprende e interpreta textos escritos de diferentes ámbitos (Competencias clave CCL, CSC).

Criterios de avaliación

3. Usar, de maneira case autónoma, os recursos das biblioteca e outros, relacionados coas TIC para obter, organizar e seleccionar información.

Estándares de aprendizaxe

Busca na biblioteca e en internet para obter, organizar e seleccionar información (Competencias clave CCL, CAA, CD).

Criterios de avaliación

4. Manifestar una actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto para detectar prexuízos e discriminacións.

Estándares de aprendizaxe

Expresa acordo ou desacordo con aspectos parciais ou globais dun texto (Competencia clave CCL).

Recoñece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias (Competencias clave CCL, CSC).

Criterios de avaliación

5. Ler en voz alta, de xeito fluído, e respectar os patróns fonéticos do galego.

Estándares de aprendizaxe

Le en voz alta, de xeito fluído, e respecta a fidelidade ao texto (Competencia básica CCL).

Respecta os patróns fonéticos do galego e emprega a dicción e o ritmo axeitado á lectura do texto (Competencia clave CCL).

Criterios de avaliación

6. Producir, en formato papel ou dixital, textos de diferentes ámbitos.

Estándares de aprendizaxe

Produce, en soporte papel ou dixital, textos de diferentes ámbitos (Competencias clave CCL, CD).

Criterios de avaliación

7. Planificar, producir e revisar textos con adecuación, coherencia e cohesión e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipolóxicas.

Estándares de aprendizaxe

Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e a situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e cohesionados (Competencias clave CCL, CAA).

Planifica borradores, utiliza esquemas, árbores ou mapas conceptuais para planificar e organizar os escritos (Competencias clave CCL, CAA).

Consulta fontes de información en distintos formatos para seleccionar contidos relevantes que posteriormente reelaborará e incorporará aos seus escritos (Competencias clave CCL, CAA, CD).

Utiliza o rexistro adecuado en función da situación comunicativa e o ámbito de uso

(Competencias clave CCL, CSC).

Usa elementos lingüísticos e discursivos para acadar coherencia e cohesión (Competencia clave CCL).

Revisa os textos para resolver dificultades de contido e de forma (Competencias clave CCL, CAA).

Criterios de avaliación

8. Utilizar as TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir as producións escritas.

Estándares de aprendizaxe

Usa as TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos (Competencias clave CCL, CD).

Bloque 3. Funcionamento da lingua.

Criterios de avaliación

1. Recoñecer os valores de léxico preciso e fraseoloxía.

Estándares de aprendizaxe

Recoñece e usa léxico preciso de diferentes categorías gramaticais (Competencias clave CCL, CAA).

Recoñece e usa fraseoloxía (Competencias clave CCL, CAA).

Criterios de avaliación

2. Aplicar os coñecementos sobre as distintas categorías gramaticais en textos escritos e orais.

Estándares de aprendizaxe

Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun uso correcto das categorías gramaticais (Competencias clave CCL, CAA).

Criterios de avaliación

3. Recoñecer, usar e explicar as funcións sintácticas oracionais e as unidades que as desempeñan.

Estándares de aprendizaxe

Recoñece e explica nos textos as funcións sintácticas oracionais e diferencia os elementos que as desempeñan (Competencias clave CCL, CAA).

Criterios de avaliación

4. Sintentizar o contido e identificar a estrutura de textos.

Estándares de aprendizaxe

Determina o tema e elabora textos (Competencias clave CCL).

Criterios de avaliación

5. Participar en proxectos nos que se utilicen varias linguas relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

Estándares de aprendizaxe

Participa en proxectos nos que se utilicen varias linguas, relacionados coos elementos transversais e eviten estereotipos lingüísticos ou culturais (Competencias clave CCL, CAA).

Bloque 4.Lingua e sociedade.

Criterios de avaliación

1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e describir o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.

Estándares de aprendizaxe

Valora a lingua como medio de relación interpersoal e sinal de identidade dun pobo e argumenta a súa postura (Competencias clave CCL, CCEC).

Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia e argumenta a súa postura (Competencias clave CCL).

Coñece os territorios lusófonos e describe a súa importancia no século XXI (Competencias clave CCL, CSC).

Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos en rede en portugués (Competencias clave CCL, CSC, CD).

Criterios de avaliación

2. Identificar os prexuizos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.

Estándares de aprendizaxe

Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua, especialmente a galega e rebáteos con argumentación axeitada (Competencias clave CCL, CSC).

Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos e rebáteos argumentadamente (Competencias clave CCL, CSC).

Bloque 5. Educación literaria.

Criterios de avaliación

1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura Galega e castelá dende a Idade Media ata 1916.

Estándares de aprendizaxe

Identifica os períodos e xeracións da literatura galega e castelá dende a Idade Media ata 1916. (Competencias clave CCL).

Comprende os períodos da literatura galega e castelá dende a Idade Media ata a actualidade sinalando os seus principais trazos (Competencias clave CCL).

Criterios de avaliación

2. Seleccionar, ler e comentar obras representativas da Literatura Galega dende a Idade Media ata 1916.

Criterios de avaliación

3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, ensáísticos e teatrais da Literatura Galega e castelá dende a Idade Media ata 1916.

Estándares de aprendizaxe

Le expresiva, comprensivamente e/ou dramatizadamente textos arrativos, líricos, poéticos, teatrais e ensaísticos da Literatura Galega e c e castelá dende a Idade Media ata 1916. (Competencias clave CCL).

Criterios de avaliación

4.Crear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula para desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión.

Estándares de aprendizaxe

Crea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula (Competencias clave (CCL, CCEC).

Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación e de expresión (Competencias clave CCL, CCEC).

3.3 CONTIDOS MÍNIMOS

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar.

1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais de diferentes ámbitos
2. Participación activa en situacións do ámbito académico que xeren intercambio de opinión.

3. Construción de discursos en distintos rexistros sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e académica .

4. Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.

1. Comprensión e interpretación de textos escritos de diferentes ámbitos

2. Uso dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter, organizar e seleccionar a información .

3. Lectura fluída en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego.

4. Produción, en formato papel ou dixital, de textos de diferentes ámbitos

5. Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas da escrita.

Bloque 3. Funcionamento da lingua.

1. Uso de léxico amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e vocabulario temático.

2 Recoñecemento dos diferentes procedementos de creación de palabras, os valores dos morfemas.

3. Recoñecemento das funcións sintácticas e as unidades que as desempeñan para mellorar a construción de textos .

4. Uso progresivamente autónomo dos dicionarios, bibliotecas e outras fontes en distintos soportes, especialmente sobre cuestión de uso, norma e fonte de información .
5. Coñecemento e uso das normas ortográficas do castelán e do galego .
6. Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.
7. Uso dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular presentativos, secuenciadores de adición e mecanismos de cohesión como recorrencia léxica .
8. Identificación da estrutura dun texto, construción dos parágrafos e progresión temática en textos alleos e propios. Elaboración de textos tendentes a estes valores.

Bloque 4. Lingua e sociedade.

1. O purilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade
2. Os prexuízos lingüísticos

Bloque 5. Educación literaria.

1. Comprensión dos períodos e xeracións da literatura galega e castelá dende a Idade Media ata 1916
3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos e teatrais dende a Idade Media ata 1916
4. Creación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.

5. Valoración da escritura como instrumento de aprendizaxe, relación social e enriquecemento persoal.

3.4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será sumativa, procesual e continua; os instrumentos de avaliación serán a observación do traballo e da actitude do alumnado e as diferentes probas orais ou escritas que o profesor considere oportunas. Esas probas irán encamiñadas á adquisición por parte do alumnado das competencias clave e os estándares de aprendizaxe.

Procedementos e instrumentos de avaliación:

Procedementos	Instrumentos de avaliación
Probas Produción (50%)	Probas escritas ou orais
Proxecto (30%)	Rúbrica
Observación (20%)	Documento de observación Diario da aula Entrega de tarefas

OBSERVACIÓNS. No que respecta a contidos gramaticais, sintácticos, ortográficos etc., irase aludindo ás similitudes e diferenzas entre o galego e o castelán.

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, fora un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

-se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota será o mesmo que sen decimais.

-se o decimal está entre 50 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

O ALUMNADO CONTARÁ CUNHA PROBA DE RECUPERACIÓN PARA OS CONTIDOS DE ESA 3 E ESA 4 QUE VERSARÁ SOBRE O ESTUDADO NO MÓDULO DE COMUNICACIÓN EN LINGUA GALEGA E LINGUA CASTELÁ .

4. MÓDULO 4 (LINGUA GALEGA E CASTELÁ)

4.1. CONTIDOS. RELACIÓN COS OBXECTIVOS DO CURSO

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar.

1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais de diferentes ámbitos (Obxectivos a).

2. Desenvolvemento de habilidades de escoita con actitude de interese, cooperación e respecto ante intervencións orais, especialmente do profesorado e o alumnado (Obxectivos b).

3. Valoración das producións orais emitidas con fonética galega e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela (Obxectivos h).

4. Participación activa en situacións do ámbito académico que xeren intercambio de opinión (Obxectivos c).

5. Utilización de estratexias para falar en público: planificación do discurso en prácticas orais formais e informais (Obxectivos d).

6. Construción de discursos en distintos rexistros sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e académica (Obxectivos e).

7. Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade (Obxectivos f).

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.

1. Comprensión e interpretación de textos escritos de diferentes ámbitos (obxectivos g).

2. Uso dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter, organizar e seleccionar a información (Obxectivos i).

3. Lectura fluída en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego (Obxectivos h).

4. Produción, en formato papel ou dixital, de textos de diferentes ámbitos (obxectivos i,k)

5. Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas da escrita (obxectivos k, l, m, n, q).

Bloque 3. Funcionamento da lingua.

1. Uso de léxico amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e vocabulario temático (Obxectivos l).

2. Recoñecemento dos diferentes procedementos de creación de palabras, os valores dos morfemas (Obxectivos b, e, l).

3. Recoñecemento das funcións sintácticas e as unidades que as desempeñan para mellorar a construción de textos (Obxectivos b, e).
4. Uso progresivamente autónomo dos dicionarios, bibliotecas e outras fontes en distintos soportes, especialmente sobre cuestión de uso, norma e fonte de información (Obxectivos i, m).
5. Coñecemento e uso das normas ortográficas do castelán e do galego (Obxectivos p).
6. Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual (Obxectivo k, o).
7. Uso dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular presentativos, secuenciadores de adición e mecanismos de cohesión como recorrencia léxica (Obxectivos k, o).
8. Identificación da estrutura dun texto, construción dos parágrafos e progresión temática en textos alleos e propios. Elaboración de textos tendentes a estes valores (Obxectivo k, o).
9. Participación en proxectos nos que se utilicen varias linguas, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos e culturais (Obxectivos q).

Bloque 4. Lingua e sociedade.

1. O purilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade (obxectivos q, r, s, t).
2. Os prexuízos lingüísticos (obxectivos q, r, s t).

Bloque 5. Educación literaria.

1. Comprensión dos períodos e xeracións da literatura galega e castelá dende o século XIX á actualidade (obxectivo u).
3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos e teatrais dende o século XIX á actualidade (obxectivo v).
4. Creación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula(obxectivos i, k, l, m, n, ñ, o, p, w).
6. Valoración da escritura como instrumento de aprendizaxe, relación social e enriquecemento persoal (obxectivos w).

4.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE. GRAO DE LOGRO.

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar.

Criterios de avaliación

1. Comprender e interpretar a intención comunicativa implícita e explícita, a idea principal e as secundarias en textos orais.

Estándares de aprendizaxe

Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa e a estrutura de textos orais (Competencia clave CCL).

Criterios de avaliación

2. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas das actividades académicas, espontáneas e planificadas.

Estándares de aprendizaxe

Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (Competencias clave CCL, CAA, CSC).

Recoñece a importancia da prosodia e dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal (Competencias clave CCL, CSC, CSIEE).

Criterios de avaliación

3. Valorar as producións emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

Estándares de aprendizaxe

Aprecia a emisión dunha pronuncia galega correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea a partir da autoavaliación e propón solución de mellora (Competencias clave CCL, CAA).

Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos asociables á pronuncia da lingua galega (Competencias clave CCL, CCEC).

Criterios de avaliación

4. Participar activamente en situacións do ámbito académico que xeren intercambio de opinión.

Estándares de aprendizaxe

Participa activamente en debates ou coloquios, respecta as regras de interacción, intervención e cortesía, manifesta as súas opinións e respecta as demais (Competencias clave CCL, CSC).

Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións do moderador nos debates e coloquios (Competencias clave CCL, CSC).

Avalía as intervencións propias e alleas (Competencia clave CAA).

Respecta as quendas, o espazo, xesticula de xeito adecuado, escoita activamente e usa fórmulas de saúdo e despedida (Competencia clave CSC).

Criterios de avaliación

5. Aplicar estratexias para falar en público, en situación formais e informais, de forma individual ou en grupo.

Estándares de aprendizaxe

Elabora guións para organizar os contidos de exposicións breves (Competencia clave CAA).

Participa con fluidez nas intervencións orais respectando as regras morfosintácticas e a fonética galega (Competencia clave CCL).

Emprega nas intervencións orais expresións propias do galego: fraseoloxía e infinitivo conxugado (Competencia clave CCL)

Usa os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (presentación, xestos, mirada...), manifesta autocontrol das emocións e fala con confianza e seguridade (Competencias clave CCL, CSC, CSIEE).

Emprega nas súas intervencións orais un léxico rico e variado (Competencia clave CCL).

Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral (Competencias clave CAA, CCL).

Recoñece erros nos discursos orais propios e alleos e tenta progresivamente de evitalos (Competencias clave CAA, CCL).

Criterios de avaliación

6. Producir discursos breves en diversos rexistros sobre temas da vida cotiá ou académica.

Estándares de aprendizaxe

Participa en conversas informais en que intercambia información e expresa a súa opinión (Competencias clave CCL, CSC, CSIEE, CCEC).

Desenvólvese en situacións cotiás que impliquen solicitar información ou servizo (Competencias clave CSC, CSIEE).

Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa (Competencias clave CCL, CSC).

Realiza e explica resumos ou exposicións académicas sinxelas (Competencia clave CCL).

Criterios de avaliación

7. Coñecer e aplicar, coa axuda das TIC, estratexias para realizar exposicións orais planificadas.

Estándares de aprendizaxe

Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións (Competencias clave CD, CAA, CSEIE).

Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente (Competencias clave CD, CCL, CSC).

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.

Criterios de avaliación

1. Aplicar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.

Estándares de aprendizaxe

Usa técnicas de síntese de contido dos textos: subliñados, esquemas, resumos (Competencias clave CCL, CAA).

Usa técnicas de ampliación e organización de información: táboas, cadros, gráficos ou mapas de conceptos (Competencias clave CCL, CAA).

Incorpora palabras do rexistro formal ao seu vocabulario (Competencias clave CCL, CAA).

Relaciona a información explícita e implícita do escrito en función do contexto (Competencias clave CCL, CAA).

Criterios de avaliación

2. Comprender e interpretar textos escritos de diferentes ámbitos.

Estándares de aprendizaxe

Comprende e interpreta textos escritos de diferentes ámbitos (Competencias clave CCL, CSC).

Criterios de avaliación

3. Usar, de maneira case autónoma, os recursos das biblioteca e outros, relacionados coas TIC para obter, organizar e seleccionar información.

Estándares de aprendizaxe

Busca na biblioteca e en internet para obter, organizar e seleccionar información (Competencias clave CCL, CAA, CD).

Criterios de avaliación

4. Manifestar una actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto para detectar prexuízos e discriminacións.

Estándares de aprendizaxe

Expresa acordo ou desacordo con aspectos parciais ou globais dun texto (Competencia clave CCL).

Recoñece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias (Competencias clave CCL, CSC).

Criterios de avaliación

5. Ler en voz alta, de xeito fluído, e respectar os patróns fonéticos do galego.

Estándares de aprendizaxe

Le en voz alta, de xeito fluído, e respecta a fidelidade ao texto (Competencia básica CCL).

Respecta os patróns fonéticos do galego e emprega a dicción e o ritmo axeitado á lectura do texto (Competencia clave CCL).

Criterios de avaliación

6. Producir, en formato papel ou dixital, textos de diferentes ámbitos.

Criterios de avaliación

7. Producir, en soporte papel ou dixital, textos de diferentes ámbitos.

Estándares de aprendizaxe

Produce, en soporte papel ou dixital, textos de diferentes ámbitos (Competencias clave CCL, CD).

Criterios de avaliación

8. Planificar, producir e revisar textos con adecuación, coherencia e cohesión e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipolóxicas.

Estándares de aprendizaxe

Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e a situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e cohesionados (Competencias clave CCL, CAA).

Planifica borradores, utiliza esquemas, árbores ou mapas conceptuais para planificar e organizar os escritos (Competencias clave CCL, CAA).

Consulta fontes de información en distintos formatos para seleccionar contidos relevantes que posteriormente reelaborará e incorporará aos seus escritos (Competencias clave CCL, CAA, CD).

Utiliza o rexistro adecuado en función da situación comunicativa e o ámbito de uso (Competencias clave CCL, CSC).

Usa elementos lingüísticos e discursivos para acadar coherencia e cohesión (Competencia clave CCL).

Revisa os textos para resolver dificultades de contido e de forma (Competencias clave CCL, CAA).

Criterios de avaliación

9. Utilizar as TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir as producións escritas.

Estándares de aprendizaxe

Usa as TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos (Competencias clave CCL, CD).

Bloque 3. Funcionamento da lingua.

Criterios de avaliación

1. Recoñecer os valores de léxico preciso e fraseoloxía.

Estándares de aprendizaxe

Recoñece e usa léxico preciso de diferentes categorías gramaticais (Competencias clave CCL, CAA).

Recoñece e usa fraseoloxía (Competencias clave CCL, CAA).

Criterios de avaliación

2. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras, os valores dos morfemas e identificar a súa procedencia grega ou latina.

Estándares de aprendizaxe

Recoñece os procedementos de creación de palabras (Competencias clave CCL, CAA).

Crea palabras novas cos procedementos de creación léxica (Competencias clave CCL, CAA).

Recoñece os valores dos prefixos e sufixos e as súas posibilidades para crear novas palabras (Competencias clave CCL).

Criterios de avaliación

3. Recoñecer, usar e explicar as funcións sintácticas oracionais e as unidades que as desempeñan.

Estándares de aprendizaxe

Recoñece e explica nos textos as funcións sintácticas oracionais e diferencia os elementos que as desempeñan (Competencias clave CCL, CAA)

Criterios de avaliación

4. Recoñecer e usar as formas verbais e as perífrases.

Estándares de aprendizaxe

Recoñece e usa as formas verbais e as perífrases (Competencias clave CCL, CAA).

Criterios de avaliación

5. Usar dicionarios e outras fontes de consulta en calquera soporte para resolver dúbidas, progresar na aprendizaxe e aumentar vocabulario.

Estándares de aprendizaxe

Usa dicionarios e outras fontes de consulta, en calquera soporte, para resolver dúbidas, progresar na aprendizaxe autónoma e ampliar vocabulario (Competencias clave CCL, CD).

Criterios de avaliación

6. Aplica as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua.

Estándares de aprendizaxe

Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas nos discursos orais e escritos (Competencia clave CCL, CAA).

Criterios de avaliación

7. Usar correctamente a puntuación de acordo coa cohesión sintáctica.

Estándares de aprendizaxe

Usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión sintáctica (Competencias clave CCL).

Criterios de avaliación

8. Usar os nexos textuais de diverso tipo e os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.

Estándares de aprendizaxe

Recoñece e usa os nexos textuais de diverso tipo e os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna (Competencias clave CCL, CAA).

Criterios de avaliación

9. Identificar en textos alleos ou propios a estrutura, construción, parágrafos e progresión temática e elaborar textos de acordo con estes parámetros.

Estándares de aprendizaxe

Identifica a estrutura do texto en construcións propias e alleas (Competencias clave CCL).

Xustifica argumentadamente a división en parágrafos en construcións propias e alleas (Competencias clave CCL, CAA).

Elabora textos con estrutura axeitada, divididos en parágrafos e empregando mecanismos de progresión temática (Competencias clave CCL).

Criterios de avaliación

10. Xustificar a adecuación dos textos, en función do contexto, o tema e o xénero e elaborar producións propias.

Estándares de aprendizaxe

Xustifica a adecuación dos textos e elabora producións en función do contexto, o tema e o xénero textual (Competencias clave CCL, CAA).

Criterios de avaliación

11. Participar en proxectos nos que se utilicen varias linguas relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

Estándares de aprendizaxe

Participa en proxectos nos que se utilicen varias linguas, relacionados coos elementos transversais e eviten estereotipos lingüísticos ou culturais (Competencias clave CCL, CAA).

Bloque 4.Lingua e sociedade.

Criterios de avaliación

1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e describir o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.

Estándares de aprendizaxe

